



SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CONVOCATORIA

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesiões da Casa do Concello, o día 25 de novembro de 2024, ás 17,00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, no correo electrónico facilitado, así como nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén consta no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 31 de outubro de 2024.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes outubro de 2024.
3. Toma de coñecemento da renuncia de D. Lino Mouriño Santiago ao cargo de Concelleiro, xunto coa renuncia de Dona Alba Briones Gamarra, á toma de posesión como Concelleira (integrantes ambos da candidatura do PSdeG-PSOE) correspondente ás Eleccións Municipais de 2023.
4. Adxudicación, se procede, do contrato de concertación dunha operación de préstamo a longo prazo por importe de 4.903.147,84 €
5. Aprobación, se procede, de Modificación de crédito por crédito extraordinario para aplicación parcial superavit 2023 con destino á redución do endebedamento neto – amortización préstamo.
6. Aprobación, se procede, do acordo entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa, pola que se establecen as condicións para a cesión gratuíta dun inmovible en Carril para a posta en funcionamento dun albergue de peregrinos.
7. Aprobación, se procede, da mutación demanial das Escolas Infantís de Solobeira e Guillán, des afectándoas do servizo de educación.
8. Aprobación inicial, se procede, do Plan de Mobilidade Sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa.
9. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU solicitando o incremento de medios para a redución das listas de agarda nas valoracións de discapacidade.
11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á creación e posta en marcha da campaña didáctica e divulgativa “O Mar comeza aquí”.





Concello de
Vilagarcía de Arousa
Secretaría Xeral

CIF: P/3606000B
Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200
sede.vilagarcia.gal

12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
14. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
15. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
16. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Vilagarcía de Arousa, 20 de novembro de 2024.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

A SECRETARIA XERAL,

Alberto Varela Paz

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

Sinatura dixitalizada

